

PROGRAMA

Un espazo educativo e de lecer con zonas para xogar, crear, expoñer, compartir, movernos, comer,... dirixido a todas as idades. Mesturaremos o educativo e o lúdico cunha proposta de zonas específicas e outra destinada a actividades, como por exemplo: obradoiros, charlas, mesas redondas, concertos,... nas que se poderá interactuar con profesionais do mundo do videoxogo e das Tic, aprender e conversar sobre novas profesións e outros temas de interese sobre o tema.

HORARIOS: **venres** 17:00 a 22:00 h | **sábado** 11:00 a 21:00 h
PEIRAO DE ARCADE



CONSOLAS

6 consolas Nintendo Switch, cada unha coa súa pantalla e 2 mandos. Xogos como Mario Kart e Mario Party, Switch Sports.

RETRO

8 postos en 6 mesas para xogar 24 persoas á vez dispoñendo de xogos antigos e consolas para todas as idades. Ambientado cunha máquina "arcade". **RETROGALAICOS** fará unha mostra interactiva de xogos clásicos.

INDIE

Persoas novas creadoras que disporán os seus videoxogos para que os probemos.

Participan:

AZRA (Celia Fernández) | **ETERNA** (Diego Lago e Alba Paz) | **BARISTA, TAKE AWAY** (Daniel Rodríguez Palacios "Lizartonne") | **MISIÓN LEPRECOIN** (Anahi Sotelo García) | **AVY, FÁBULAS DE LA NOCHE** (Juan García)

TORNEO ESPORTS

Organizado por Kings Dragon, equipo de referencia en Galicia sobre o xogo "Mario Kart".

Inscripcións en liña ata mércores 6 xullo

*Escoller horario na inscrición

TENDAS

MUNDO MANGA | REI ZENTOLO | REPLAY

COSPLAY

Participan:

LUSCOFUSCO | **YUMIVIGO** | **SAYUMI** | **FREYJA** | **ERU** | **ANUHIU**

MÓVETE

Espazo para moverse a través de xogos de índole física e de equipo (deportes, baile, xogos populares,...).

Dous espazos:

- > un equipado con pantalla para seguir a proposta de animación e coreografías "Just Dance 2022".
- > outra con variedade de xogos (populares, predeportivos, habilidades,...)

RELAX

Espazo de consulta para recibir información sobre nocións básicas sobre ergonomía, masaxes, técnicas de relaxación visual, etc.

GASTRO

Xestionado por marcas da hostelería local onde mercar comida e bebida: bocatas, pizzas, cociña mexicana,... Con mesas e cadeiras. Para non perdernos nada do evento!



+ACTIVIDADES

VENRES
8 de xullo

Obradoiro

"Aprende cos teus fillos/as"

As ferramentas dixitais desenvolven habilidades coma a creatividade, resolución de problemas, resistencia á frustración e motivan a aprendizaxe. Xogade, descubride e aprendede cousas que vos unirán moito máis, usando Scratch JR, CodeSpark e Code.org

Inscripcións en liña ata mércores 6 xullo

Público familiar + 6 anos | 17:00 a 18:00 h

En movemento

Sesión guiada xogo "Just Dance 2022".
Público xeral | Sesión 1 de 18:15 a 19:15 h

Mesa redonda

"A que xogan os meus fillos/as"

Participan:

> **Miguel Areán** (Director en PolygoneStudios e vogal Asociación española de Empresas Desenvolvedoras de Videogos (DEV) e na Asociación galega de videoxogos e contidos interactivos (Videoxogo.GAL)

> **Hugo Botana** (Responsable do programa de videoxogos de Kings Dragon)

Público xeral | 19:30 a 20:30 h

Concerto de "Elesky"



Concertista que une a súa paixón musical ao mundo do videoxogo poñéndolle música e creando contidos que triunfan en Twitch.

Público xeral | 21:00 h a 22:00 h

SÁBADO
9 de xullo

Mesa redonda

"Profesións impensables no videoxogo"

Falaremos con persoas que traballan no sector do videoxogo para coñecer as diferentes profesións e perfíles que ofrece o sector do videoxogo.

Participan:

> **Elena Lorendo "Elesky"** (artista e creadora de contidos)

> **Hugo Santomé "O Currunchu"** (youtuber e creador de contidos)

> **María Álvarez Villar** (Doutoranda en Estudos literarios e Videoxogos)

> **Javier Bello** (Redactor en Games Tribune e actor doxbraxe de videoxogos)

Público xeral | +10 anos | 11:30 a 12:30 h

Retransmisión en directo

RADIO MARCA Vigo 98.3 FM

Programa especial, en directo, do programa de videoxogos "Marca player Vigo" dirixido por Ramón Méndez.

Público xeral | 12:45 a 13:45 h

Obradoiro

"Xogando a aprender"

Queres aprender a deseñar o teu propio videoxogo? Iníciate con Microsoft MakeCode Arcade, para chegar a recrear videoxogos tan famosos coma PacMan ou Galaga, para chegar a Python e Javascript.

Inscripcións en liña ata mércores 6 xullo

Grupo 1: 9 a 11 anos | 17:00 a 18:00 h

Grupo 2: +12 anos | 20:00 a 21:00 h

En movemento

Sesións guiadas xogo "Just Dance 2022".

Público xeral | Sesión 2 de 18:00 a 18:30 h

Sesión 3 de 19:00 a 19:30 h

Obradoiro

"Aprende cos teus fillos/as"

As ferramentas dixitais desenvolven habilidades coma a creatividade, resolución de problemas, resistencia á frustración e motivan a aprendizaxe. Xogade, descubride e aprendede cousas que vos unirán moito máis, usando Scratch JR, CodeSpark e Code.org

Inscripcións en liña ata mércores 6 xullo

Público familiar + 6 anos | 18:30 a 19:30 h